

## COMENTARIO DO POEMA “SOS”. DE CATRO A CATRO, 1923, MANUEL ANTONIO

Atopámonos ante un poema pertencente á chamada Xeración de Vanguardas do primeiro terzo do século XX. Trátase dun poema de Manuel Antonio, representante máximo da nosa vangarda plena, neste caso a través do **creacionismo**, ismo que se caracteriza pola creación dunha realidade autónoma, a través de sucesivas imaxes xustapostas con ausencia de fío argumental.

O **tema** principal do poema é a soidade, como ben se ve no título do mesmo. O autor xoga co dobre sentido no título de SOS en maiúscula (*Save Our Souls*: salven as nosas almas), como sinal de socorro internacional e “SÓS” como soidade. E coma case sempre que se trata de Manuel Antonio, o poema está ambientado e enfocado ao **mar**, ese Mar que aparece con maiúsculas no texto. É curioso que fale da soidade pero que empregue durante todo o texto a primeira persoa do plural: “Fomos ficando sós”, “Roubaron-nos o Sol”.

Isto ten dúas posibles interpretacións, o autor emprega esta forma verbal para referirse a Nós Mesmos, non hai ninguén con el (ou con nós), só a nosa persoa, pero tamén cabería a interpretación de que falase de toda a tripulación do barco. Seguindo esta primeira interpretación a mensaxe deste poema é que ao final do día só nos temos a nós mesmos, quítannos o sol, o vento,; e só quedamos nós sós. A voz lírica expoñería a súa forma de sentir a soidade, non como algo malo, pois está tranquilamente fumando unha pipa, senón como algo que nos envolve e que forma parte de nós. Coa segunda interpretación sería unha chamada de auxilio dunha tripulación que non recibe resposta e que está condenada ó afundimento, é dicir, a perspectiva é máis existencial, de aí os versos: “As nosas soedades/veñen de tan lonxe/ como as horas do reloxo” e estaría máis presente una visión da soidade que nos achega á morte

Primeiro é roubado o **Sol**, e con el a luz, a vida e a visión do exterior. Ese paquebote reluciente que traza co seu fume unha liña infinda é o sol metafórico que emprega Manuel Antonio. É de noite. De seguido é roubado o **vento**, esa forza que nos move e nos empuxa a seguir adiante, a vontade. Hai quietude e un inmovilismo total.. Estamos lonxe da nosa Patria. Neste panorama o tempo párase para a voz poética que se atopa no medio dun mar inmenso que non coñece. “O cadavre d’o Mar/ fixo do barco un cadaleito” porque hai tanta calma e tanta monotonía que parece que a natureza de todo o seu redor **morreu** ou eles, a tripulación do barco, está condenada a morrer.

O derradeiro grupo de versos é quizais o máis significativo de todo o poema. Nel podemos destacar varios elementos: o fume de pipa, que transmite a relaxación e tranquilidade que a voz poética sente; a saudade, a pena e a morriña de todo o seu; o silencio e o frío, vólvennos a situar no ambiente mariño, na nada. E para finalizar os últimos versos do poema “ E ficamos nós sós/Sin o Mar e sin o barco/ nós”, onde se resume a mensaxe central do poema, ao fin e ao cabo só nos temos a nós mesmos, todo o demais que cremos ter é unha ilusión.

Respecto á **forma**, o poema está dividido en oito grupos de versos, dos cales algúns posúen 2,3 ou 4 versos. Podemos afirmar que está escrito en verso libre, pois non hai unha métrica marcada e non ten rima. Non obstante, podemos en xeral percibir moitas características formais típicas do vangardismo, sobre todo na última estrofa. Nesta as palabras están separadas por **espazos en branco**, que significan moito en si mesmos e non están conectadas entre si. Ademais a colocación dos versos sen unha orde aparente (aínda que seguen as intencións do autor) tamén é típica da vangarda.

En conclusión podemos afirmar que este poema de M. Antonio pertence á súa corrente, o **creacionismo**, porque aínda que sexa sentimentalista e este trazo vaia en contra do vangardismo, o resto das características formais seguen a corrente creacionista das vangardas. Como son a xustaposición das distintas **imaxes visuais** que aparecen no poema ou o emprego do **tecnicismos** propio do léxico do mar: “paquebote, Roseta, singladura”, característico das vangardas do momento.